

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

O Regulamento (CE) 1774/2002, do 3 de outubro, do Parlamento e do Consello da Unión Europea establece as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados a consumo humano prohibindo a súa entrada na cadea alimentaria.

O Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, regula as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

Neste sentido, amplíase a obriga xa existente de destrución de cadáveres de animais ruminantes, incluíndo novas especies animais.

No conxunto destas especies reviste especial consideración o tratamento do porcino e aviar, pola repercusión destas explotacións no referente á súa implantación en áreas concretas da Comunidade Autónoma de Galicia, á súa tipoloxía produtiva e á repercusión na economía das áreas xeográficas nas que están localizadas, incluíndose, así mesmo, as explotacións gandeiras de coellos, ovellas e cabras.

Estas consideracións conducen a concluír que son precisas unha serie de medidas complementarias, de tipo organizativo, das actuacións de retirada de cadáveres das explotacións. Neste sentido, mediante o Decreto 43/2004, do 26 de febreiro, a Comunidade Autónoma de Galicia declarou como servizo público autonómico, a recollida, transporte e eliminación dos cadáveres de animais mortos nas explotacións.

Por esta razón, e co fin de racionalizar a retirada desde as explotacións gandeiras dos cadáveres das especies porcina, aviar, cúncola, ovina e cabruna, considérase preciso levar a cabo unha retirada periódica dos cadáveres de animais, evitando os prexudiciais efectos ambientais derivados dunha incorreta xestión destes residuos.

As axudas establecidas nesta convocatoria teñen como obxectivo inmediato o incremento dos niveis de seguridade alimentaria e a mellora do medio ambiente, e son cofinanciadas pola Sección Orientación do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), no marco do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000/2006.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer as bases e convocar as axudas para a implantación dun sistema

de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

As axudas consideradas nesta orde teñen por obxecto o financiamento de contedores para o depósito de animais mortos nas explotacións gandeiras, e que en todos os casos, serán retirados posteriormente por empresas de transporte autorizadas para esa finalidade.

Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cúncola, inscritas no Rexistrio de Explotacións Gandeiras de Galicia da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, así como ás explotacións de gando ovino e cabrún que cumpran coa normativa relativa ás campañas oficiais de saneamento gandeiro.

Para as explotacións avícolas e cúncolas financeirase ademais dos contedores, a adquisición de conxeladores para o depósito previo de animais das especies aviar e cúncola, mortos nas explotacións.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

1. As persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións integradas nas Agrupacións de Defensa Sanitaria de gando porcino recoñecidas pola Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, que cumpran os compromisos establecidos nesta orde.

2. As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións de gando porcino, recoñecidas pola Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria como Explotacións de Sanidade Comprobada e de Protección Sanitaria Especial non incluídas en Agrupacións de Defensa Sanitaria, que cumpran a lexislación vixente en materia de sanidade animal, conforme o Real decreto 195/2002, do 15 de febreiro, polo que se establece o Plan de Seguimento e Vixilancia Sanitaria do Gando Porcino e o Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

3. As persoas físicas ou xurídicas titulares das demais explotacións de gando porcino inscritas no Rexistrio de Explotacións Gandeiras de Galicia da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, das explotacións avícolas e cúncolas inscritas no mesmo rexistro e das explotacións de gando ovino e cabrún que cumpran coa normativa relativa ás campañas oficiais de saneamento gandeiro.

Artigo 3º.-Tipo e contía das axudas.

1. A contía máxima das axudas poderá chegar ata:

- a) Un 40% do prezo do contedor, que se incrementará ata o 50% en zonas desfavorecidas, considerando para estes efectos a localidade na que se atope localizada a explotación, e sen superar, en calquera caso, os 350 euros.

O número de contedores subvencionables será de 1 por unidade de producción cunha capacidade máxima de 1.000 litros.

b) Un 40% do prezo dos conxeladores, que se incrementará ata o 50% se a explotación se atopa nunha zona desfavorecida, considerando para estes efectos a localidade na que se atope localizada a explotación e sen superar, en calquera caso, os 200 euros.

O número máximo de conxeladores subvencionables para cada unha das explotacións avícolas e cúnícolas será de 1 por explotación.

2. Cando o importe das solicitudes de axuda excede a dotación disponible, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.

3. O prazo para a xustificación da adquisición dos contedores e dos conxeladores será, como máximo, ata o 30 de xuño de 2005.

Artigo 4º.-Requisitos dos contedores.

Os contedores serán de polietileno ou outro material de similar resistencia, de adecuada estanquidade, inalterable a golpes, corrosión, axentes químicos e de fácil limpeza e desinfección.

Os contedores para depositar os cadáveres reunirán as características de capacidade expresadas no artigo 3º, atoparanse provistos dunha tapa e cun mecanismo que permita cargalos con grúa desde un camión. Deberán ser compatibles cos sistemas establecidos de recollida de cadáveres.

En caso necesario deberán estar dotados de rodas de goma e xiratorias, co fin de evitar a súa permanencia na vía pública.

O titular da explotación será responsable do manteemento do contedor en adecuadas condicións hixiénico-sanitarias e de conservación.

Estará situado fóra da zona de actividade gandeira, nun lugar de fácil acceso para o vehículo de transporte e, sempre que sexa posible, en lugares sombreados e ventilados.

Os conxeladores, pola súa parte, terán unha capacidade adecuada segundo as necesidades de cada explotación, sendo tamén o titular da explotación o responsable do seu manteemento e conservación.

Artigo 5º.-Solicitude e documentación.

1. A presentación das solicitudes de axuda realizarase segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexo, xunto coa documentación complementaria establecida nesta orde. Os citados impresos estarán á disposición dos intere-

sados nas oficinas agrarias comarcas, nos servizos provinciais de explotacións agrarias e nas agrupacións de defensa sanitaria de gando porcino recoñecidas pola Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria.

2. Coa solicitude da axuda que figura no anexo I, deberase acompañar a seguinte documentación, segundo os casos:

a) Fotocopia cotexada do NIF ou CIF do titular da explotación.

b) Certificación bancaria acreditativa da titularidade da conta indicada na solicitude, para a domiciliación do pagamento, a nome do solicitante.

c) Factura pagada correspondente ao contedor ou contedores e conxelador ou conxeladores expedida a nome do titular da explotación solicitante da axuda.

d) Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade.

3. O beneficiario das axudas establecidas nesta convocatoria quedará exento de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de conformidade coas disposicións contidas no artigo 41 do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nas epígrafes anteriores requirirase ao interesado, na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días o emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

5. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e rematará o 30 de xuño de 2005.

Artigo 6º.-Resolución.

O conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural resolverá os expedientes por proposta do director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria.

O prazo para ditar e comunicar a correspondente resolución será de nove meses contados a partir do día de entrada en vigor desta convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase expresamente a resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 7º.-Recursos administrativos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde, esgotan

a vía administrativa e, contra elas, cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvimento Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 8º.-Financiamento.

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005:

a) 09.03.614-A 777.3 na que existe crédito adecuado de trescentos mil euros (300.000 €).

b) 09.03.614-A. 770.0 na que existe crédito adecuado de seiscentos mil euros (600.000 €).

2. De conformidade co establecido na orde da Conellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilitáse a tramitación anticipada de expedientes de gasto, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos do exercicio do ano 2005 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario, quedando sometida a concesión das axudas á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa resolución.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Controis.

A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria poderá realizar controis sobre as explo-

tacións para determinar o cumprimento do establecido nesta orde.

Artigo 11º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, o beneficiario da axuda ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección e control.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda máis os xuros de demora devengados desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as excepcións contidas no artigo 25 do Real decreto 613/2001.

Artigo 13º.-Compatibilidade.

As subvencións reguladas nesta orde son compatibles con calquera outra que se puidera obter das distintas administracións para a mesma finalidade, sempre e cando o conxunto das axudas non supere as porcentaxes e importes establecidos no artigo 3º desta orde.

Disposición adicional

Primeira.-Seralles de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposiciones derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

ANEXO

UNIÓN
EUROPEA
FEDEGA



Nº EXPEDIENTE	DATA DE SOLICITUDE
..... /

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE CONTEDORES PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS MORTOS NA EXPLOTAÇÃO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO AG540A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA EXPLOTAÇÃO	OAC	UTM	Parroquia	
	Lugar/Rúa	Provincia		
	Concello			
	ORIENTACIÓN PRODUTIVA			
	CAPACIDADE REGISTRADA			
	PORCINO	Cobo	Ciclo pechado
	AVIAR <input type="checkbox"/> Ovos <input type="checkbox"/> Carne	Reproductores	Selección
	CUNÍCOLA	Cobo	Multiplicación
	OVINO <input type="checkbox"/> Leite <input type="checkbox"/> Carne	Reproductores	Selección
	CABRÚN <input type="checkbox"/> Leite <input type="checkbox"/> Carne	Ciclo pechado	Selección
CLASIFICACIÓN SANITARIA DA EXPLOTAÇÃO				
<input type="checkbox"/> MEMBRO AGRUPACIÓN DE DEFENSA SANITARIA	<input type="checkbox"/> SANIDADE COMPROBADA			
<input type="checkbox"/> PROTECCIÓN SANITARIA ESPECIAL	<input type="checkbox"/> OUTRAS			
TIPO ¹ _____		CLASE ² _____	Capacitación profesional ³ <input type="checkbox"/>	
Data nacemento/const ____ / ____ / ____		Data 1ª instal ____ / ____ / ____	Nº socios _____	
NIF ou _____		C. postal _____		
Apelidos e/ou nome _____		Parroquia _____		
Lugar/rúa _____		Provincia _____		
Concello _____		Móbil _____		
E-mail _____		Teléfono _____		
REPRESENTANTE				
Apelidos /ou nome _____		NIF ou _____		
DATOS BANCARIOS PARA O PAGAMENTO				
Entidade _____	Sucursal _____	
Control <input type="checkbox"/>	Conta <input type="checkbox"/>			

LEXISLACIÓN APLICABLE
<i>Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE
, de de 200

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- FOTOCOPIA DO DNI-CIF DO SOLICITANTE.
- CERTIFICACIÓN DE DATOS BANCARIOS.
- FACTURA CORRESPONDENTE Á ADQUISICIÓN DO CONTEDOR/ES.
- OUTROS.

COMPROMISOS

O solicitante comprométense a:

- Facilitar a realización dos controis que efectúe o órgano competente para a verificación das condicións da presente orde.
- Manter o contedor nas condicións hixiénico-sanitarias e de conservación adecuadas.
- Manter a conta sinalada aberta ata a finalización do período de xestión da axuda correspondente.
- Aplicar a normativa vixente en materia de eliminación de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE**SOLICITA:**

Sexa concedida a axuda para:

Adquisición de _____ contedores de _____ litros de capacidade, cun prezo de _____ €/unidade

Adquisición de _____ conxeladores de _____ litros de capacidade, cun prezo de _____ €/unidade

_____, ____ de _____ de _____

O solicitante: _____

CLAVES E INSTRUCCIÓNNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE**1.- TIPO DE:**

- 0.- AGRICULTOR INDIVIDUAL MULLER
- 1.- AGRICULTOR INDIVIDUAL HOME
- 2.- SOCIEDADE
- 3.- SAT
- 4.- COOPERATIVA AGRARIA
- 5.- CMVMC
- 6.- OUTRAS
- 7.- COMUNIDADE DE BENS
- 8.- AGRUPACIÓN DE SERVIZOS
- 9.- COOPERATIVA DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA OU DE TRABALLO ASOCIADO NA ACTIVIDADE AGRARIA

2.- CLASE DE:

- 2.- AGRICULTOR PROFESIONAL (AP)
- 3.- NON AGRICULTOR PROFESIONAL

3.- CAPACITACIÓN:

- A) CAPATAZ AGRÍCOLA, FP1 AGRARIA OU NIVEL DE FORMACIÓN AGRARIA MÁS ALTO
- B) EXERCICIO DA ACTIVIDADE AGRARIA POLO MENOS DURANTE 5 ANOS
- C) ACTIVIDADE AGRARIA E CURSOS DE CAPACITACIÓN SUFICIENTES
- D) MOZO QUE TEN REALIZADOS CURSOS POR UN MÍNIMO DE 200 HORAS
- E) MOZO QUE SE COMPROMETE A REALIZAR CURSOS POR UN MÍNIMO DE 200 HORAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Resolución do 30 de novembro de 2004
pola que se ordena publicar a decisión
do xurado do premio Elías Valiña ao
esforzo revitalizador e promocional do
Camiño de Santiago.*

Por Orde do 29 de marzo de 2004 (DOG nº 68, do miércoles 7 de abril) convocouse o Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago, co fin de recoñecer e recompensar os méritos de todas aquelas institucións, asociacións ou entidades culturais que dediquen unha parte significativa da súa actividade á revitalización e promoción do Camiño de Santiago, contribuíndo así ao coñecemento e divulgación do significado histórico, relixioso e cultural da Ruta Xacobeira.

O artigo 4 da citada orde establece que o premio será outorgado por un xurado presidido polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou persoa en quien delegue, e estará integrado polos seguintes membros: o presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, dous membros nomeados polo comité, a institución, asociación cultural, padroado ou fundación que resultase gañador na anterior convocatoria e os presidentes das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago cos números 30 (por renuncia do nº 29), 32 (por ausencia do nº 31), 33 e 34.

De acordo co citado artigo 4, as decisións do xurado serán inapelables e daranse a coñecer mediante publicación no DOG e por comunicación directa ao galardoado.

Por todo isto,

RESOLVO:

Artigo único.-Ordeno publicar a decisión do xurado do premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago.

O citado xurado, reunido en Santiago de Compostela o día 27 de novembro de 2004, acordou conceder o premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago, ao proxecto presentado pola *Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2004.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Decreto 308/2004, do 11 de novembro,
polo que se crea a Escola Galega de
Gardacostas.*

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 31 establece que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Así mesmo, polo Real decreto 4189/1992, do 29 de decembro, asúmense por parte da Comunidade Autónoma de Galicia as transferencias en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

Pola Lei 2/2004, do 21 de abril, créase o Servizo de Gardacostas de Galicia e establecense as escalas do dito servizo. O novo servizo, pola súa natureza multidisciplinar, fai necesario que todos os seus compoñentes teñan un corpo común de coñecementos, así mesmo tamén é necesario que os integrantes das distintas escalas teñan unha formación mínima necesaria para o cumprimento das súas funcións.

De acordo coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1993, do 27 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente e por proposta do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de novembro de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Creación e adscrición.

Créase a Escola Galega de Gardacostas, adscrita á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e dependente da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, que terá a súa sede no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, sen prexuízo de que as ensinanzas se poidan impartir noutros centros dependentes da Xunta de Galicia ou outras institucións por persoal docente propio ou alleo.

Artigo 2º.-Funcións.

A función da Escola Galega de Gardacostas será impartir a formación requirida ao persoal adscrito ás distintas escalas do Servizo de Gardacostas para o desenvolvemento das súas funcións. Así mesmo, ofertarase unha formación contínua para actualización e perfeccionamento destes.

Na Escola Galega de Gardacostas poderase impartir tamén formación aos membros de corpos análogos doutras comunidades autónomas e aos membros do Servizo Auxiliar de Gardacostas de Galicia.

Artigo 3º.-Formación para cada escala.

A formación profesional e coñecementos técnicos mínimos que se impartirán aos membros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia serán:

a) Na escala de axentes do Servizo de Gardacostas, grupo C: curso para a obtención do título profesional de patrón local de pesca; curso para a obtención do certificado profesional de Formación básica; e os cursos de Loita contra contaminación mariña, Coñecemento do medio, Bioloxía pesqueira e Seguridade alimentaria, Lexislación pesqueira de infracciones, Normativa de policía marítima, Normativa sobre costas e usos do litoral.

b) Na escala executiva do Servizo de Gardacostas, grupo B: curso para a obtención título profesional de patrón costeiro polivalente; curso para a obtención do certificado profesional de Formación básica; Loita avanzada contra incendios e os cursos de Loita contra contaminación mariña, Coñecemento do medio, Bioloxía pesqueira, Seguridade alimentaria, Procedemento sancionador, Lexislación e normativa marítimo-pesqueira.

c) Na escala técnica de Servizo de Gardacostas, grupo A: curso para a obtención do título profesional